




CONCELLO DE VILARDEVÓS

Paseo Manuel Núñez 36, 32016-Vilardevós (OURENSE) Tf: 988 417 004 e 988 417 032 Fax: 988 417 004 e 988 417 032. <http://www.vilardevos.org> Correo electrónico: alcaldia@vilardevos.org, secretaria@vilardevos.org, sociedade@vilardevos.org, tle@vilardevos.org, intervencion@vilardevos.org

ÁLVARO A. PLATA GONZÁLEZ, SECRETARIO DO CONCELLO DE VILARDEVÓS (OURENSE).-----

CERTIFICO: Que a Alcaldía o día oitavo de xullo de dous mil dezaseis, adoptou entre outros, o seguinte Decreto que copiado literalmente é así.



“DECRETO:

Visto o Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Vilardevós para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, na data 4 de xullo de 2016

Unha vez examinadas ás bases para a contratación temporal de traballadores/as, coas seguintes categorías: peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (6); peóns conductor de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (2) e xefes de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (2), coas categorías especificadas no Anexo I das referidas bases.

E de conformidade coas miñas atribucións, e ao abeiro do disposto no artigo 21 letra g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis: 11/1999, do 21 de abril e 57/2003, do 16 de decembro, polo presente,

VEÑO EN RESOLVER:

Aprobar as bases de selección para a contratación laboral temporal, a xornada completa, de dúas brigadas de cinco traballadores/as, cada unha delas, para a prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vilardevós para a execución do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Vilardevós para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, de data 4 de xullo de 2016, que din: **“BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DE DÚAS BRIGADAS DE CINCO TRABALLADORES/AS, CADA UNHA DELAS, PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO VILARDEVÓS PARA A EXECUCIÓN DO**

CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL DE VILARDEVÓS PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020, NA DATA 4 DE XULLO DE 2016.

1.- **OBXECTO:** O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de traballadores/as, coas seguintes categorías: peóns de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (6); peóns condutor de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (2) e xefes de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais (2), coas categorías especificadas no Anexo I das presentes bases.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable ao persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao disposto no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e o Pladiga.

Os/as traballadores/as realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato (3 meses), con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver por todos os membros integrantes das brigadas consistirán na realización dos seguintes traballos, tal e como recolle o Convenio de Colaboración asinado coa Xunta de Galicia:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: As brigadas colaborarán prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal donde está situado o Concello de Vilardevós, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.
- Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de

titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

Os traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais, áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional. Os restos procedentes destes traballos trituraranse, ou no caso de que non fora técnicamente posible, poderán quedar acordados.

Todo elo sen perxuízo de realizar as restantes labores previstas no Convenio de Colaboración suscrito.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado, a xornada completa, por un período de TRES (3) meses, de acordo co Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Vilardevós para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, na data 4 de xullo de 2016.

Os/as traballadores/as contratados/as estarán obrigados a superar o período de proba estipulado na lexislación laboral vixente.

O presente procedemento poderá quedar sen efecto algún, no suposto de que por causas debidamente xustificadas non se levasen a cabo as presentes contratacións, quedando polo tanto anuladas todas as actuacións levadas a cabo a través deste procedemento, non tendo dereito a reclamación algunha con respecto a este Concello de Vilardevós as persoas participantes neste proceso.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES: Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificadas e conservalos, ao menos, ata a data da sinatura do correspondente contrato de traballo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu

- cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.
- b) Ter cumpridos os 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de 60 anos, segundo a recomendación do Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA).
 - c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza á que se opta.
 - d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
 - e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
 - f) Estar en posesión dos títulos académicos que se detallan no Anexo I para cada un dos postos que se convocan; para titulacións obtidas no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.
 - g) E estar en posesión, cando proceda, do permiso de condución en vigor especificado tamén no Anexo I.

3.- SISTEMA DE SELECCIÓN: A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases, así como a realización dunha proba teórica; unha proba física e médica así como unha entrevista relacionada coas funcións a desempeñar.

4.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases (Anexo II) e dirixiranse ao sr. alcalde-presidente, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Vilardevós ou polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, durante o prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no diario La Voz de Galicia, sendo o horario de presentación de documentación:

-de luns a venres: 9:00 h. a 14:00 h.

O mesmo día que saia publicada a convocatoria no diario citado anteriormente, as bases tamén se exporán no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral do concello, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de admisión de solicitudes, remitan por fax ao Concello de Vilardevós, tf: 988417004, e avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF ou pasaporte en vigor. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademáis fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademáis da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público. (Anexo III).
- Fotocopia da titulación requirida para o acceso aos postos. No seu defecto, e de ser o caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

- Cando proceda, fotocopia compulsada do permiso de circulación en vigor esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.
- Declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións a levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar (Anexo III).

Relación de méritos que alega e **documentación xustificativa e debidamente compulsada** de cada un deles.

As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a ou funcionario/a de concello, admitíndose tamén as compulsas que se realicen nos organismos a través dos cales se considera válido se presente a documentación para o seu posterior envío, especificados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

5.- PROCESO DE SELECCIÓN:

A) FASE DE CONCURSO:

BAREMO XERAL DE MÉRITOS: O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte, sendo a puntuación máxima alcanzable de 8,00 puntos:

1. Experiencia profesional:

a) Por cada mes completo de servizos remunerados prestados na Administración Pública ou en empresas públicas dependentes da Administración Autonómica, realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais e coa mesma categoría á que se opta: 0,40 puntos/mes ata un máximo de 2,00 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos remunerados prestados en empresas privadas, realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais e coa mesma categoría á que se opta: 0,40 puntos/mes ata un máximo de 2,00 puntos.

Soamente se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados.

A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar a documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do contrato de traballo, a xornada de traballo, a ocupación e o servizo prestado; en caso de xustificarse os servizos prestados con contrato de traballo, deberá achegarse tamén un informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, no seu defecto, certificado de empresa.

c) Por cada mes completo como demandante de emprego na oficina do Servizo Galego de Colocación: 0,10 puntos/mes ata un máximo de 1,00 punto.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar certificado da oficina do Servizo Galego de Colocación.

2. Coñecemento do Medio Físico do Concello de Vilardevós:

Por acreditar vinculación territorial do candidato/a ao ámbito municipal e o coñecemento da realidade física e social do concello, acreditándose ambos mediante certificado de empadramento, sempre e cando a data de empadramento sexa anterior á data de publicación da presente convocatoria: 1,00 punto.

3. Cursos relacionados coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologadas por unha Administración Pública:

- Por cursos de ata 30 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 31 a 100 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos

Nos cursos que non se especifique a duración das horas non serán valorados.

A valoración máxima dos cursos será de 1,50 puntos

4. Coñecemento do galego, computándose unicamente o grado superior alegado, concedéndose validez soamente os cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia:

- Celga 1: 0,10 puntos.
- Celga 2: 0,20 puntos.
- Celga 3: 0,30 puntos.
- Celga 4: 0,50 puntos.

B) FASE DE OPOSICIÓN:

BAREMO XERAL DA PROBA TEÓRICA E PROBA FÍSICA E MÉDICA, DE CARÁCTER OBRIGATORIAS E ELIMINATORIAS: O baremo aplicado na valoración da proba teórica-práctica e proba física será o seguinte, sendo a puntuación máxima alcanzable de 50,00 puntos:

1. Exame teórico, relativo ao coñecemento do territorio:

Consistirá na realización dunha proba teórica na deberán de superar un exame, relativo ao coñecemento do territorio durante un período de tempo de 30 minutos, consistente en 10 preguntas tipo test relativas ao coñecemento do territorio, así como de temas relativos á protección dos ecosistemas forestais, ata un máximo de 10,00 puntos. No caso de obter unha puntuación inferior a 5,00 puntos, o/a aspirante será excluído do proceso selectivo.

2. Proba física e médica:

Consistirá en subir e baixar dun banco, de 40 cm de altura para os homes e de 33 cm de altura para as mulleres, a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un período de cinco minutos.

Para ser considerado apto deberá obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, por aplicación dos resultados de idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba: ata un máximo de 40,00 puntos.

Si a capacidade aeróbica non dese os mínimos establecidos polo Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF), do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA), considerarase excluído.

A proba será rerealizada por unha asistencia técnica.

C) ENTREVISTA PERSOAL: máximo 5 puntos.

Co obxecto de valorar a idoneidade para a praza ofertada, realizarase unha entrevista persoal, a cal se valorará de 0 a 5 puntos. Na entrevista se realizará unha proba práctica na que se avaliarán os coñecementos no manexo das ferramentas de roza e acondicionamento de zonas verdes e espazos públicos e nos materiais de prevención e extinción. Na entrevista tamén se avaliarán os méritos específicos adecuados ás características do posto, a dispoñibilidade e coñecemento específico do posto de traballo concreto, responsabilidade que comporta o seu desempeño e a súa capacidade de traballo en equipo.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR: O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos achegados polos/as aspirantes presentados/as, e a

valoración das probas teórica; físico-médica e a entrevista, estará integrado polos seguintes membros, sendo nomeados polo sr. alcalde-presidente da corporación:

- Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública, suplente: un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública.
- Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública, suplente: un/ha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública.
- Vogais: Tres funcionarios/as ou persoal laboral dunha administración pública, suplentes: Tres funcionarios/as ou persoal laboral dunha administración pública.

Tenderase a que os membros do tribunal sexan persoal do propio concello, non tendo dereito a percibir as indemnizacións por asistencia correspondentes segundo o Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón del servizo. En caso contrario, no suposto de que forme parte do tribunal algunha persoa allea ao concello, entón si terá dereito a percibir a mencionada indemnización.

Segundo o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao sr. alcalde-presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 28 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 30/1992, de 28 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós, concedéndose **un prazo de dous días hábiles** contados dende o seguinte día ao da publicación da lista, para reclamacións ou corrección de erros que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá nesa Resolución a composición do tribunal cualificador e a data e hora de celebración das probas: teórica, físico-médica, así como da realización da entrevista persoal.

No suposto de producirse reclamacións deberá adoptarse unha nova Resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación de novo da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións polos/as aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Os/as aspirantes serán convocados para a realización das probas teórica, físico-médica e entrevista persoal en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os/as aspirantes que non comparezan a realizar as citadas probas teórica, físico-médica e entrevista persoal.

Unha vez rematada as probas teórica, físico-médica e entrevista persoal, o tribunal valorará os méritos achegados polos/as candidatos/as presentados/as, así como as probas teórica, físico-médica e entrevista persoal teórica-práctica e física, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós das puntuacións obtidas polos/as aspirantes, resultante da suma das puntuacións totais obtidas. Para valorar los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (**orixinais ou fotocopias compulsadas**); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no artigo 59.6.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posibel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional no apartado administración pública ou en empresas públicas, sen ter en conta o tope fixado de puntuación máxima de experiencia profesional; de persistir o empate, e pola seguinte orde, experiencia na empresa privada e logo a persoa que leve máis tempo empadroada no Concello de Vilardevós.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

8.- CUALIFICACIÓN FINAL, NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DE CONTRATOS: A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos distintos apartados de méritos valorados e das puntuacións obtidas nas probas teórico-práctica e física.

Concluída a cualificación do proceso, o tribunal, publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós o nome dos/as aspirantes pola súa respectiva orde de puntuación total final.

Os/as aspirantes seleccionados/as realizarán **obligatoriamente** nas datas que se determinen un recoñecemento médico ou ben presentarán un certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións -certificado médico oficial ou informe de saúde que acredite que o/a aspirante non padece enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións, asinado por un colexiado en exercicio, non podendo ter o citado documento unha antigüidade superior a tres meses, a contar da data de remate de presentación de solicitudes-.

No suposto de **non superarse** o recoñecemento médico ou ben non presentar o certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións, seguirase chamando os/as aspirantes pola súa orde respectiva de puntuación acadada no presente procedemento.

Previo á formalización dos contratos, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar obrigatoriamente un curso de formación organizado por este Concello de Vilardevós de carácter teórico-práctico que versará sobre a prevención

e defensa contra incendios forestais, segundo o Convenio de colaboración asinado; en caso contrario, que o/a aspirante **non realizase** o curso, entón non será contratado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións e non tendo ningún dereito respecto a este concello, pasando neste suposto a chamarse á persoa que corresponda segundo a puntuación acadada no procedemento de selección.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os/as traballadores/as aos postos, estes/as non terán dereito a recibir percepción económica algunha.

A Resolución que adopte a Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós, para coñecemento de todos/as os/as aspirantes, que poderán interpoñer lo recursos previstos na lexislación vixente.

9.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO: Con todos aqueles/as aspirantes que non sexan propostos/as para a súa contratación, elaborárase unha bolsa de traballo ou lista de reserva, unha para cada categoría, e que se configurará pola súa respectiva orde de puntuación obtida no procedemento, coa finalidade de acudir a ela para cubrir os postos obxecto da presente convocatoria nos supostos do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores (baixas, substitucións, etc...).

No suposto de acudir á bolsa de traballo, soamente procederá a formalizarse o contrato sempre e cando **se supere** o recoñecemento médico, se presente o certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións e o curso que obrigatoriamente hai que facer.

Cando sexa necesario acudir á mencionada bolsa, sendo o Concello de Vilardevós quen decide esta situación, seleccionárase ao/á primeiro/a da bolsa e soamente poderá seleccionarse ao/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá quedar excluído/a definitivamente da bolsa, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando, enfermo/a, non estar dispoñible por estar ao coidado dun/dunha familiar enfermo/a ou estar realizando algún curso de formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ao mercado laboral, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Se un/unha aspirante presenta a renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o derradeiro lugar da bolsa.

Os/as aspirantes que estiveran contratados/as, unha vez rematado o período de contratación volverán a ocupar o lugar que tiñan na lista por orde de puntuación.

10.- INCIDENCIAS: Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven das mesmas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola Lei 30/1992, de 28 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

Vilardevós, 8 de xullo de 2016.

O ALCALDE.

Asdo.: Manuel Cardoso Pérez.

ANEXO I

RELACIÓN DE POSTOS E TITULACIÓN DE ACCESO AOS MESMOS, ASÍ COMO RETRIBUCIÓN POR CATEGORÍAS

- **2 XEFES DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS:**
 - Titulación: Enxeñeiro/a de Montes; Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal; Técnico/a Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos; Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente.
 - Carné de conducir en vigor: B
 - Retribución bruta mensual: salario + paga extra (935,74 € + 155,96 €)

- **2 PEÓNS-CONDUTOR DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS:**
 - Titulación: Certificado de escolaridade ou equivalente.
 - Carné de conducir en vigor: B.
 - Retribución bruta mensual: salario + paga extra (842,17 € + 140,36 €)

- **6 PEÓNS DE BRIGADA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS:**
 - Retribución bruta mensual: salario + paga extra (842,17 € + 140,36 €)

Os requisitos de titulación e carné esixidos deberán posuírse na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

Don/Dona: _____
provisto/a de DNI/NF: _____, con enderezo na
Rúa: _____, número: _____, Código
Postal: _____ Localidade: _____
Municipio: _____, Provincia: _____ Teléfonos: _____

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Vilardevós para a contratación laboral temporal (contrato de servizo determinado), a xornada completa, de:

- 2 Xefes de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.
 2 Peóns-condutor de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.
 6 Peóns de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Márquese o/s posto/s ao/s que se pretende optar, podéndose presentar cunha mesma solicitude ás diferentes categorías.

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a presente convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ao referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo ao Concello de Vilardevós para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI/NIF) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do Concello de Vilardevós, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

..... de..... de 2016.

O/A SOLICITANTE.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILARDEVÓS (OURENSE)

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN

- 1)
- 2)
- 3)
- 4)
- 5)
- 6)
- 7)
- 8)
- 9)
- 10)

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona: _____

provisto/a de DNI/NF: _____, con enderezo na
Rúa: _____, número: _____, Código
Postal: _____ Localidade: _____
Municipio: _____,
Provincia: _____ Teléfonos: _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -e no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

..... de..... de 2016.

O/A DECLARANTE.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILARDEVÓS (OURENSE)""

E para que conste no expediente da súa razón, expido a presente, de orde e co visto e praxe do sr. alcalde-presidente, D. Manuel Cardoso Pérez, en Vilardevós, a oito de xullo de dous mil dezaseis.

